



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



CIRCULAR 6/2008, DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS EPA E DOS INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA QUE IMPARTAN ENSINANZAS BÁSICAS DE EDUCACIÓN PARA PERSOAS ADULTAS POLAS MODALIDADES PRESENCIAL E A DISTANCIA NO CURSO 2008/2009.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ao abeiro do disposto na Orde 24 de xuño de 2008 (DOG do 23 de xullo), desenvolve e regula a ordenación xeral das ensinanzas básicas de educación de persoas adultas encamiñadas a conseguir unha maior calidade do ensino, estimular o traballo en equipo do profesorado e fomentar a participación da comunidade educativa nos centros.

Para lograr a adecuación desta oferta educativa á poboación adulta, garantir a óptima consecución dos fins previstos e unificar os criterios de funcionamento nos centros específicos e nos IES con oferta de educación de persoas adultas, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais resolve ditar as seguintes instrucións para o curso 2008/2009:

1.- Ámbito de actuación

Estas instrucións serán de aplicación en todos os centros EPA da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e institutos de educación secundaria que impartan educación básica de persoas adultas.

2.- Calendario

A oferta formativa das ensinanzas de persoas adultas axustarase ao establecido no calendario escolar para as ensinanzas do sistema ordinario ás que son equivalentes e que establezan as respectivas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co regulado con carácter xeral na Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do 5 de xuño).

2.1.- Datas e prazos de matrícula para a modalidade presencial

a) Ensinanzas básicas iniciais

O día 1 de setembro procederase a abrir o prazo de matriculación de ensinanzas básicas iniciais de persoas adultas, que permanecerá aberto durante todo o curso.

b) Ensinanzas básicas de educación secundaria

As datas de inscrición para acceder aos módulos das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas serán:

- . Ata o 15 de setembro de 2008 para o primeiro cuatrimestre.
- . Ata o 15 de xaneiro do 2009 para o segundo cuatrimestre.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



2.2.- Datas e prazos para avaliación das ensinanzas de adultos

- a) Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, na segunda semana do mes de xuño deberá levarse a cabo a avaliación global final do alumnado que estea cursando ensinanzas do módulo IV das ensinanzas conducentes ao título de graduado en educación secundaria. Realizada a avaliación final remitirase a cada delegación provincial toda a documentación: fotocopias autenticadas das actas de avaliación final de todos os cursos do seu centro, proposta de expedición de títulos e outra análoga. O envío dos mencionados documentos realizarase na primeira quincena de xullo.
- b) Na última semana do mes de abril e na primeira semana do mes de setembro os centros que impartan ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas establecerán o calendario de avaliación para as probas extraordinarias correspondentes aos módulos impartidos no primeiro e segundo cuadrimestre respectivamente. Realizada a avaliación extraordinaria do módulo catro, remitirase a cada delegación provincial copia autenticada de toda a documentación: certificacións e proposta de expedición de títulos. O envío dos mencionados documentos realizarase no mesmo mes no que se realice a proba.
- c) Na educación secundaria para persoas adultas, a impartición e a avaliación ordinaria das ensinanzas correspondentes aos módulos un e tres de cada ámbito de coñecemento levaranse a efecto desde a cuarta semana de setembro ata a primeira semana de febreiro, ambas as dúas incluídas, e as correspondentes aos módulos dous e catro desde comezos da segunda semana do mes de febreiro ao 30 de xuño.
- d) Excepcionalmente, e con autorización da delegación provincial, tras o informe favorable da inspección educativa, os centros que dispoñan de recursos poderán optar por impartir simultaneamente no primeiro e no segundo cuadrimestre os catro módulos de cada ámbito de coñecemento da educación secundaria para persoas adultas. Neste caso, o alumnado que supere os cuartos módulos de cada ámbito de coñecemento no mes de febreiro será proposto para o título de graduado en educación secundaria con anterioridade ao 1 de marzo do ano en que finalizara os estudos.

2.3.- Datas e prazos de matrícula para a modalidade de educación secundaria a distancia

- a) O prazo de matrícula para a educación secundaria de persoas adultas a distancia iniciarase no mes de setembro de 2008 e permanecerá aberta ata o 15 de maio de 2009.
- b) Para o alumnado, que por motivos laborais, necesite xustificación de estar cursando ensinanzas básicas para persoas adultas, con posterioridade á data de matrícula establecida, o centro educativo poderá realizar a reserva de matrícula ata a apertura do novo prazo no curso seguinte.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



3.- Ofertas formativas e modalidades

Os centros deberán adaptar a oferta educativa autorizada ás condicións e ás necesidades do alumnado, ás posibilidades do centro, así como ao contorno. Esta oferta educativa poderá abranguer as seguintes ensinanzas:

- Nivel I e II, da etapa das ensinanzas básicas iniciais.
- Alfabetización para inmigrantes ou linguas castelá e galega para inmigrantes, naqueles centros que autorice a delegación provincial correspondente, cando exista unha demanda suficiente.
- Educación secundaria para persoas adultas: modalidades presencial e a distancia semipresencial.
- Bacharelato para persoas adultas: modalidades presencial e a distancia semipresencial.
- Programas de cualificación profesional inicial.
- Preparación para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio, tras a autorización da delegación provincial.
- Cursos de mellora da comprensión lectora para a proba teórica do permiso de conducir.
- Ensinanzas de carácter non regrado a través das Aulas Mentor.
- Actividades non regradas de carácter profesionalizante ou de formación sociocultural e de desenvolvemento persoal e comunitario.

4.- Educación secundaria a distancia semipresencial. Centros autorizados para impartila

Os centros EPA e os IES autorizados pola Orde do 8 de maio de 2002 (DOG do 4 de xullo) para impartir “Educación secundaria para persoas adultas, nivel III (na modalidade a distancia)” impartirán a modalidade de educación secundaria para persoas adultas a distancia semipresencial, regulada pola orde do 24 de xuño de 2008.

4.1.- Organización das ensinanzas de educación secundaria a distancia semipresencial

- a) Os centros autorizados para impartir ensinanza a distancia ofertarán de forma simultánea todos os módulos dos distintos ámbitos de educación secundaria a distancia organizados por cuatrimestre.
- b) Dadas as características da educación a distancia, o alumnado utilizará como referente curricular os materiais didácticos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine como axeitados para esta modalidade educativa. Durante o curso escolar 2008/2009, e de acordo co establecido na disposición transitoria segunda da Orde do 24 de xuño de 2008, os materiais para a Educación Secundaria pola modalidade semipresencial serán os mesmos utilizados ata o curso 2007/2008.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxlpee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



Consecuentemente, para o ámbito Científico-tecnolóxico utilizaranse os materiais utilizados ata agora para os ámbitos de Natureza e Tecnolóxico-matemático.

- c) Igualmente, os alumnos e as alumnas contarán para o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe cun apoio tutorial. Este apoio, para facilitar o proceso de ensino aprendizaxe, poderá ser presencial ou a distancia.
- d) Os centros EPA e os institutos de educación secundaria autorizados para impartir esta modalidade de educación secundaria para persoas adultas responsabilizaranse do arquivo e da custodia das actas de avaliación, expedientes académicos, historial académico e canta documentación se emita en relación co alumnado matriculado na referida modalidade.
- e) No caso do alumnado escolarizado en ensinanzas de adultos presenciais, para cambiar de centro e modalidade de ensinanza, desde o novo centro, deberá solicitarse ao centro de orixe o expediente académico e o historial académico correspondente.

4.1.- Tutorías

- a) As tutorías organizaranse de forma presencial e a distancia. As presenciais serán colectivas, e a asistencia, para o alumnado será obrigatoria. O profesorado deberá fomentar a participación do alumnado desenvolvendo as aprendizaxes establecidas no currículo de cada ámbito, con especial énfase nos contidos procedementais e actitudinais.
- b) A aqueles alumnos que, por enfermidade ou outra causa xustificada, non poidan asistir ás tutorías presenciais facilitaráselles a posibilidade da tutoría a distancia polos medios que se poidan establecer dende o centro (correo electrónico, información web, etc.).
- c) Para o seguimento do alumnado e coordinación das tutorías a distancia, a dirección do centro, por proposta do xefe de estudos, nomeará entre o profesorado que imparta a modalidade de educación a distancia semipresencial un coordinador, para o que poderá ter unha dedicación horaria semanal de dúas horas.
- d) O xefe de estudos das ensinanzas para persoas adultas elaborará o horario xeral das tutorías tendo en conta a dispoñibilidade de locais e de profesorado, o número de grupos de alumnos de cada ámbito, así como os seguintes criterios:
 - Semanalmente desenvolverase unha sesión lectiva presencial dunha hora de duración para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e dúas para o científico-tecnolóxico.
 - Procurar unha oferta horaria múltiple e flexible que posibilite a asistencia do alumnado.
 - No caso de ter máis dun grupo, establecer un horario flexible de mañá ou tarde, co fin de que cada alumno poida inscribirse no grupo que mellor se adapte ás súas posibilidades.
- e) Ao inicio do curso, farase público o horario de tutorías no que se especificará a data e a hora das tutorías planificadas para cada ámbito de coñecemento, o programa de actividades, o calendario de avaliacións e toda aquela información que poida ser de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxlpee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



interese xeral para o alumnado.

- f) A atención titorial realizaraa o equipo didáctico que se constitúa para impartir estas ensinanzas, e que estará integrado polo xefe de estudos para as ensinanzas de persoas adultas e o profesorado que imparta docencia nos diferentes módulos de cada ámbito.

4.2.- Recursos didácticos

- a) Os recursos didácticos ou materiais curriculares para o alumno abranguerán copia en CDs dos textos elaborados pola Consellería de Educación para estas ensinanzas e o caderno de actividades.
- b) Desde a dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais remitiranse en formato electrónico os recursos didácticos dispoñibles, que se poderán facilitar ao alumnado de forma gratuíta. O referido material tamén se pode consultar no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Páxina web: www.edu.xunta.es/ea.
- c) Cando se lle facilite ao alumnado materiais didácticos en formato escrito, deberá establecerse un compromiso de reintegro do material en bo estado de uso ao remate do período de escolarización para o que foi cedido.

5.- Profesorado

- a) Cada ámbito de coñecemento será impartido por un profesor ou profesora.
- b) O ámbito de comunicación, cando non exista un profesor ou profesora que poida impartir os contidos correspondentes ás tres linguas incluídas no ámbito, poderá ser impartido por dous profesores. Un deles impartirá os contidos correspondentes ás linguas galega e castelá, e outro os correspondentes á lingua estranxeira.
- c) Cando, na asignación do ámbito científico-tecnolóxico ao profesorado, existan dificultades para a elaboración dos horarios do centro polo feito de asignar oito períodos lectivos semanais a un só profesor ou profesora, o centro poderá solicitar á dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais que ese ámbito sexa impartido por dous profesores ou profesoras. Esta asignación non suporá a distribución dos contidos do ámbito polas especialidades dos profesores que o impartirán. A inspección educativa realizará o informe preceptivo desta solicitude valorando se procede ou non a autorización.
- d) O profesorado do corpo de mestres poderá impartir os dous primeiros módulos de cada ámbito de coñecemento das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas. No caso de que máis dun profesor ou dunha profesora do corpo de mestres opte a impartir as ensinanzas de secundaria, o director do centro determinará quen impartirá as referidas ensinanzas, para o que se seguirán os criterios establecidos para o profesorado de primaria nos colexios de educación infantil e primaria e centros públicos integrados.
- e) O profesorado do corpo de profesores de ensinanza secundaria poderá impartir todos os módulos dos ámbitos de coñecemento nos que se organizan as ensinanzas de educación secundaria para as persoas adultas conducentes ao título de graduado en



educación secundaria obrigatoria, de acordo coa atribución de especialidades que se reflicte no anexo X da Orde do 24 de xuño de 2008. Non obstante, para impartir o primeiro e o segundo módulo de cada ámbito de coñecemento terá prioridade o profesorado do corpo de mestres que viña impartindo ensinanzas de adultos.

- f) Para a elección de ensinanzas e materias seguiranse os criterios xerais establecidos na normativa vixente. En calquera caso, cando da aplicación dos criterios xerais se deriven situacións que dificulten a asignación de ámbitos, materiais ou horarios das ensinanzas da educación secundaria, as direccións dos centros EPA seguirán os seguintes criterios de prelación:
- Elixirase e completarse, en primeiro lugar, o horario de educación secundaria para adultos en réxime presencial.
 - En segundo lugar, elixiranse as titorías de educación secundaria a distancia.
 - En terceiro lugar, elixiranse as horas de docencia para as titorías do bacharelato a distancia na modalidade semipresencial. A atención das titorías elixirase por esta orde de prioridade: primeiro, materias comúns; en segundo lugar, materias de modalidade; e por último, materias optativas.
 - En último lugar asignaranse outras ensinanzas que se poidan impartir no centro.
- g) A proporción entre profesorado e alumnado para as ensinanzas básicas de educación de adultos é a establecida con carácter xeral no réxime ordinario equivalente. En calquera caso non poderán establecerse grupos con menos de 15 alumnos. No caso de que o número de alumnos matriculados nun grupo fose menor de quince, este deberá contar con autorización expresa da delegación provincial que corresponda.
- h) Cando dende os centros EPA en institucións penitenciarias se demande profesorado de secundaria para impartir algún ámbito ou materia por non dispor de persoal docente que o poida impartir, a delegación provincial que corresponda poderá establecer o profesorado que ha de desprazarse aos centros EPA en institucións penitenciarias para realizar a atención titorial presencial que se estableza en cada caso.
- i) A adscrición funcional do profesorado e a concreción do seu horario non contemplada nesta circular realizarase de acordo coa lexislación vixente que corresponda ao profesorado de primaria ou secundaria.
- k) O profesorado que vaia impartir por primeira vez ensinanzas básicas de persoas adultas deberá asistir ás actividades de formación que se establezan para o efecto.

5.1.- Horarios e asignación de profesorado que imparta docencia en ensinanza secundaria para persoas adultas

- a) O horario de docencia do profesorado de primaria e do ensino secundario será o establecido para cada corpo na Orde do 1 de setembro de 1987 (DOG do 11 de setembro). En todo caso, cando se realicen actividades complementarias será



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



necesario recoller no horario individual de cada profesor e no xeral do centro o número de horas semanais que se corresponden coas actividades realizadas. Estas estarán dedicadas, entre outras accións, a:

- Dinamización das tecnoloxías da información e comunicación, das bibliotecas escolares, da convivencia escolar, da normalización lingüística, da mellora da calidade educativa, dos programas internacionais, do apoio á xestión económica do centro.
 - Realización de accións informativas das ensinanzas de persoas adultas ofertadas.
 - Orientación académica e profesional individual do alumnado.
 - Reunións de equipos docentes para coordinar as actividades formativas e organización de ensinanzas.
 - Asistencia a sesións de avaliación.
 - Organización de recursos didácticos.
 - Outras actividades análogas que redunden en beneficio da calidade do ensino, no prazo que se estableza no proxecto educativo e na programación xeral do centro.
- b) Nos IES con oferta educativa de persoas adultas, unha vez asignadas as tarefas lectivas específicas para estas ensinanzas, no caso de que algún profesor de persoas adultas non complete a xornada laboral de docencia semanal, o director do centro asignarlle outras actividades lectivas, propias da ensinanza ordinaria, co fin de completar o seu horario persoal semanal.
- c) O horario de carácter non docente, ata completar a xornada laboral semanal, poderá realizarse fóra dos centros e dedicarse á preparación de actividades docentes, ao perfeccionamento persoal, á investigación educativa, á elaboración de materiais didácticos mediante grupos de traballo e á atención dos deberes inherentes á función docente.
- d) Cando na mesma localidade do centro público de educación e promoción de adultos exista profesorado con dispoñibilidade horaria, sempre e cando a especialidade que posúa se corresponda con algunha das atribuídas a un determinado ámbito de coñecemento dos establecidos no anexo X da Orde do 24 de xuño de 2008 ou de bacharelato, a delegación provincial poderá dispor que complete o seu horario no centro de adultos.

6.- Condicións de acceso para cursar ensinanzas de adultos

Con carácter xeral poden matricularse nas ensinanzas de adultos as persoas maiores de 18 anos ou que os cumpran ata o 31 de decembro do ano 2008.

Na educación secundaria, o alumnado que solicite matricularse no primeiro cuádrimestre do curso 2008/2009, ha de ter cumpridos 18 anos ou cumprilos ata o 31 de decembro. No segundo cuádrimestre deste mesmo curso para matricularse na educación de persoas adultas é necesario ter cumpridos 18 anos ou cumprilos ata o 30 de abril de 2009.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



6.1.- Excepcionalidades para matricularse na educación secundaria para persoas adultas

Poderá matricularse na educación secundaria de persoas adultas con carácter excepcional:

- O alumnado menor de 18 anos que acredite ter cursadas ensinanzas de persoas adultas no ano académico 2007/2008.
- O alumnado que acredite ter cursado un programa de garantía social no curso 2007/2008.
- As persoas maiores de dezaseis anos que o soliciten e que teñan un contrato laboral que non lles permita acudir aos centros educativos en réxime ordinario, ou as persoas que sexan deportistas de alto rendemento.
- A delegación provincial que corresponda, tras o informe favorable da inspección educativa, poderá autorizar a matrícula na educación secundaria a distancia a aqueles alumnos que estean, con medidas legais de internamento en réxime pechado ou terapéutico, en centros de menores dependentes da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.2.- Admisión de alumnos nas ensinanzas de adultos

- a) Durante o período de matrícula, as persoas solicitantes que acudan por primeira vez ao centro deberán ser informadas, polos medios que se consideren adecuados, das características destas ensinanzas, así como das posibilidades que ofrece o centro para seguias e da oferta educativa dirixida á poboación adulta e, en xeral, de canto se considere de interese.
- b) No caso de que o número de alumnos solicitantes inscritos supere as prazas ofertadas polo centro, para a admisión de alumnos actuarase conforme o establecido no artigo 26 da Orde do 24 de xuño de 2008 aplicando os seguintes criterios de preferencia:
 - Continuar estudos no propio centro.
 - Proceder das ensinanzas de adultos doutros centros.
 - Ser deportista de alto rendemento.
 - Ter estado máis tempo desescolarizado.
 - Matricularse de todos os ámbitos dun nivel.
 - Menor renda persoal do alumno con ingresos ou da unidade familiar á que se pertenza.

6.3.- Proba de avaliación inicial

Ao alumnado que solicite por primeira vez realizar estudos para persoas adultas, efectuaráselle unha proba de valoración inicial que posibilitará o acceso ás diferentes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



etapas e módulos de cada ámbito de coñecemento e permitirá a adscrición adecuada e personalizada de cada alumno. Esta proba efectuarase a todo o que non acredite estudos.

Durante os días 16, 17 e 18 de setembro de 2008 e os días 16, 19 e 20 de xaneiro de 2009, realizaranse nos centros EPA e nos IES autorizados as probas de avaliación inicial, de acordo co establecido nos artigos 21 e 22 da Orde do 24 de xuño de 2008. Cando, fóra das datas establecidas, sexa necesario realizar a avaliación inicial, o xefe de estudos, de acordo co equipo de profesores que corresponda, establecerá unha data ou datas para esa realización.

A avaliación inicial do alumnado poderá realizarse utilizando recursos orais e escritos adaptados para valorar o seu nivel de coñecementos e as súas destrezas, segundo se estableza no plan de centro. Dentro deste proceso de valoración, a entrevista desempeña un papel fundamental como complemento de calquera outro recurso. Desde o punto de vista metodolóxico, as probas escritas propostas para a avaliación inicial poden tanto estar integradas nun documento global de avaliación como planificadas de maneira independente unhas das outras. En todo caso, despois da avaliación inicial, debe informarse a cada alumno da adscrición máis adecuada á etapa ou módulos correspondentes.

As probas que forman parte da valoración inicial do alumnado deberán medir aspectos relacionados cos coñecementos e experiencias previas, as capacidades adquiridas e ter en conta as competencias básicas. Estas probas serán elaboradas polo equipo de profesores encargado de impartir as ensinanzas de educación para persoas adultas, a través dos correspondentes departamentos didácticos e coa colaboración do departamento de orientación de acordo co deseño da comisión pedagóxica do centro.

De todas as probas de avaliación inicial que se realicen no centro levantarase acta na que se incluírán todos os alumnos e as alumnas que se presenten, acreditando a suficiencia dos módulos que teñan superados. Estas actas deberán asinalas todos os membros da comisión de avaliación e os seus resultados consignaranse nos expedientes e nos historiais académicos do alumnado.

6.4.- Documentación necesaria

O alumnado que solicite matricularse en educación secundaria de persoas adultas deberá presentar a seguinte documentación:

- Historial académico de ensinanzas cursadas ou libro de escolaridade.
- Declaración de non estar escolarizado nas mesmas ensinanzas noutro centro.
- Solicitudes de admisión, **ANEXO VIII**, que aparecen na Orde del 24 de xuño de 2008 (DOG do de xullo).
- Solicitud de matrícula, **ANEXO IX**, que aparecen na Orde del 24 de xuño de 2008 (DOG do .. de xullo).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



O alumnado matriculado na educación secundaria de persoas adultas, se cambia de centro deberá acreditar, no novo centro, a procedencia do centro de orixe para facilitar o traslado do expediente e o historial académico.

6.5.- Acceso do alumnado procedente da ESO

Este alumnado estará nalgún destes supostos:

- a) Alumnado procedente da ESO que cursara estudos dese nivel con anterioridade ao curso 2004/2005 e que teña algunhas materias pendentes: considerarase o curso superado se foi promocionado de curso, sempre e cando non o fose por imperativo legal, seguindo os criterios de avaliación e promoción anteriores á publicación da Orde de 30 de setembro de 2004 sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria como consecuencia do disposto no Real decreto 1318/2004, do 28 de maio, DOG do 22 de outubro. En caso de que non fora promovido de curso por ter materias sen superar, aplicaráselle os criterios de validación recollidos nos anexos III a VII.
- b) Para o alumnado que cursou ensinanzas da ESO no curso 2004/2005 ou seguintes realizaranse as equivalencias coas ensinanzas de adultos segundo o establecido nos anexos III a VII.
- c) Cando un alumno non cursara no 4º curso de ESO as materias sinaladas no cadro de equivalencias dos Anexos III a VII, tomarase como referencia a cualificación obtida nesa mesma materia, no último ano que a cursara.

6.6.- Acceso do alumnado procedentes das ensinanzas de adultos

Durante os cursos escolares 2008/2009 e 2009/2010, o alumnado que superou algún dos módulos de calquera dos ámbitos de coñecemento nos que se organizan esas ensinanzas de acordo co establecido na orde do 26 de maio de 1997, aterase ao seguinte:

- Se ten superado calquera módulo do ámbito de Comunicación ou da Sociedade, matricularase no módulo inmediatamente posterior do mesmo ámbito.
- O alumnado que teña superado calquera módulo do ámbito de Natureza sen ter superado simultaneamente o módulo do mesmo número do ámbito Tecnolóxico matemático, e o alumnado que teña superado calquera módulo do ámbito Tecnolóxico matemático se ter superado simultaneamente o módulo do mesmo número do ámbito da Natureza (Orde do 26 de maio de 1997), se desexa completar os seus estudos de graduado en educación secundaria para persoas adultas, deberá matricularse do módulo do mesmo número do ámbito Científico tecnolóxico (Orde de 24 de xuño de 2008). O profesorado que imparta ese ámbito só avaliará a ese alumnado dos contidos correspondentes ao ámbito de Natureza ou Tecnolóxico matemático, de acordo coa organización do currículo regulado na Orde do 26 de maio de 1997.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



6.7.- Acceso do alumnado procedentes da proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria

O alumnado que superou algún grupo de materias da proba de graduado en Educación Secundaria daráselle por superado o cuarto módulo correspondente, segundo o cadro de equivalencias establecidas no anexo VII desta circular.

7.- Avaliación das ensinanzas básicas de adultos

- a) A avaliación será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo de maneira sistemática. As actividades de avaliación orientaranse á detección dos progresos realizados polo alumno en todos os ámbitos de coñecemento. Terá en conta tanto as aprendizaxes dos alumnos como o proceso de ensino, e basearase no seguimento e valoración sistemática do traballo durante o desenvolvemento das actividades educativas realizadas. As probas escritas contempladas no apartado seguinte serán un elemento máis no proceso de avaliación do alumnado.
- b) Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, e para que o profesorado dispoña de máis elementos de xuízo á hora de establecer a cualificación do módulo correspondente, na educación secundaria para persoas adultas, realizarase unha avaliación escrita ao rematar cada un dos bloques de contidos que integran cada módulo, dentro dos tres ámbitos de coñecemento. Estas avaliacións facilitarán a comprobación do progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitarán tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais. Inmediatamente antes da realización da avaliación do segundo bloque, realizarase a proba de recuperación do primeiro, para aquel alumnado que obtivera avaliación negativa nel. Igualmente, unha vez realizada a avaliación do segundo bloque, en caso de que esta resultase negativa, o alumnado poderá realizar unha proba de recuperación do bloque 2.
- c) A avaliación final da educación secundaria para persoas adultas realizarase por bloques de contidos de tal maneira que a nota final do módulo será a media dos bloques cursados nun cuatrimestre. Cando un alumno obteña unha cualificación negativa nun ámbito por ter un ou máis bloques sen superar no mesmo cuatrimestre, antes de emitir a nota final, deberá propoñerse para realizar unha proba de recuperación coa que se valorará as aprendizaxes de todo ámbito adquiridas. Esta proba de recuperación aplicaráse só aos bloques nos que teña avaliación negativa.
- d) A valoración do alumnado será realizada polo profesor correspondente en colaboración co equipo docente e terá en conta, dunha maneira especial, a madurez persoal e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos.
- e) Cando no ámbito de comunicación da educación secundaria para persoas adultas interveñan dous profesores ou profesoras, para establecer a cualificación do ámbito realizarase a media ponderada dos dous submódulos integrados nel, de xeito que o submódulo de lingua estranxeira nunca teña unha valoración superior ao 30% da cualificación do módulo correspondente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



- f) Cando o ámbito Científico-tecnolóxico sexa impartido por dous profesores ou profesoras, no caso de impartir o ámbito nunha proporción do 50%, para establecer a cualificación do ámbito realizarase a media ponderada das dúas cualificacións achegadas por cada un dos profesos ou profesoras, de xeito que cada unha das cualificacións supoña o cincuenta por cento da cualificación final do módulo correspondente. Para outro reparto da materia, para a cualificación do ámbito, seguiranse criterios proporcionais.
- g) Unha vez celebradas as correspondentes sesións de avaliación darase información dos resultados ao alumnado.

7.1.- Perda do dereito de avaliación continua nas ensinanzas básicas de adultos.

A falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua nos seguintes casos:

- Nun ámbito, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido.
- En todos os ámbitos, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido para todos os ámbitos, áreas ou materias nos que estea matriculado.

7.2.- Avaliación extraordinaria

O alumnado que tras a avaliación final ordinaria teña algún ámbito avaliado con cualificación negativa e sen promover poderá presentarse para realizar a avaliación extraordinaria nos meses de maio e setembro nos seguintes casos:

- O alumnado que durante o primeiro cuadrimestre, de setembro a xaneiro, non supere ou non sexa promovido ao módulo seguinte, así como o que figure como non presentado nas actas da avaliación ordinaria do mes de xaneiro, terá dereito a unha única avaliación extraordinaria na convocatoria do mes de maio.
- O alumnado que figure como non presentado ou con algún ámbito sen promocionar nas actas da avaliación ordinaria do mes de xuño terá dereito a unha avaliación extraordinaria na convocatoria de setembro.

7.3.- Promoción ao ámbito seguinte e reclamacións

- a) Os módulos I, II, III ou IV de cada ámbito da educación secundaria avaliados positivamente ou promovidos con avaliación negativa quedan superados, polo que non é necesario volver cursalos.
- b) Segundo a normativa vixente, os alumnos ou os seus representantes legais poderán reclamar, perante a dirección do centro, contra as cualificacións finais ou parciais,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- Inadecuación dos obxectivos e contidos da materia sometida a avaliación e do nivel previsto na programación polo órgano didáctico correspondente.
 - Incorrecta aplicación dos criterios da avaliación establecidos.
- c) No suposto de que se ratifique por parte do centro a cualificación outorgada e o/a alumno/a o manifieste expresamente, o director remitirá o expediente á delegación provincial, que, tras o informe da inspección educativa, fará a resolución procedente no prazo de dez días naturais. Contra a resolución do delegado provincial poderá interpoñerse recurso perante o Director Xeral de e Formación Profesional e Ensinanzas Especiais na forma e nos prazos establecidos na Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.4.- Outros aspectos relacionados coa avaliación do alumnado

- a) A avaliación vén regulada no capítulo VII da Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG do 23 de xullo).
- b) Dada a diferenza de datas nas que durante o curso se van impartir os módulos nos que se organizan os diferentes ámbitos de coñecemento, convén facer algunhas puntualizacións que afectan á avaliación relativa ao alumnado dos distintos módulos:
 - Coa finalidade de mellorar o nivel de coñecementos, os alumnos que teñen superado o primeiro ou o terceiro módulo da educación secundaria para persoas adultas poderán volver a cursar estes módulos no primeiro cuadrimestre, sempre a cando a dispoñibilidade de prazas no centro o permita. En todo caso, os módulos xa superados non poden volver ser avaliados.
 - O alumnado que curse durante o primeiro cuadrimestre os módulos primeiro ou terceiro e non se promova ao módulo seguinte, durante o segundo cuadrimestre poderá asistir ás clases de afondamento ou repaso que para cada ámbito de coñecemento estableza o centro e condicionalmente matricularse dos ámbitos seguintes, sempre que se siga escolarizado no mesmo centro. O equipo de profesores decidirá sobre a conveniencia ou non do establecemento destas clases do que dará coñecemento á inspección educativa. Cando se organicen estas clases, o alumnado que asista poderá ser avaliado na data que estableza o centro para a avaliación extraordinaria do mes de maio. No caso de que o resultado da avaliación fose positivo ou de que o profesorado acordase a promoción ao módulo seguinte sen cualificación positiva, no mes de xuño, o alumno poderá ser avaliado do módulo ao que se promove sempre que asistira con regularidade ás clases correspondentes.
 - No caso de realizar cambio de centro non se poderá matricular dun ámbito se non se ten o anterior superado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



- O alumnado que se matricule condicionalmente dun módulo por ter sen superar o equivalente anterior ten que superar o precedente antes de avaliarse do seguinte.
- No caso de que a dispoñibilidade de recursos humanos e materiais o permita, os centros educativos dedicarán un período lectivo semanal para repaso e aprofundamento nos coñecementos de cada ámbito aos que se refiren os apartados anteriores, e deberán agrupar o alumnado en función das súas necesidades e dos seus intereses. Todo iso quedará reflectido no horario do profesorado encargado de levar a cabo o seu desenvolvemento.
- Cando un alumno ou unha alumna estea matriculado nun centro no que se impartan simultaneamente os catro módulos de cada ámbito da educación secundaria para adultos, e non supere o módulo que cursou no primeiro cuadrimestre, poderá matricularse do mesmo no segundo cuadrimestre, sempre que renuncie á avaliación extraordinaria de maio.

8.- Documentos do centro

- a) O equipo directivo dos centros específicos e os IES con oferta educativa para persoas adultas elaborará durante o mes de setembro a programación xeral anual tendo en conta as propostas do claustro e do consello escolar, tomando como referencia as conclusións da memoria do curso anterior e o establecido no Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG do 29 de xuño) sobre o uso da lingua galega na administración educativa e horarios de ensinanza.
- b) Unha vez recollidas as conclusións da memoria do curso anterior, a programación xeral anual deberá facer referencia, entre outros, aos seguintes aspectos básicos:
 - Obxectivos xerais do centro.
 - Obxectivos orientados á normalización lingüística do centro e á galeguización do ensino, de acordo coa lexislación vixente.
 - Obxectivos específicos orientados a reconducir deficiencias detectadas.
 - Concreción curricular das ensinanzas de Nivel I e II das ensinanzas básicas iniciais.
 - Concreción curricular das ensinanzas de Nivel I e II das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
 - Actividades de formación en Aulas Mentor.
 - Outras ensinanzas de carácter non regrado programadas.
 - Plan de orientación académica e profesional.
 - Plan de acción tutorial.
 - Adscrición do profesorado, agrupamento do alumnado, distribución horaria da actividade escolar e constitución de departamentos didácticos e equipos docentes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



- Calendario de reunións: consello escolar, claustro, departamentos, equipos por niveis ou ciclos e aquelas outras que se programen.
 - Criterios e instrumentos de avaliación.
 - Programación e calendario de actividades extraescolares e complementarias, sen prexuízo da posibilidade de incluír outras que non se consideren na programación xeral e que, por razóns de urxencia, poderá aprobar o claustro de profesores, dando conta ao consello escolar na seguinte reunión que este celebre.
 - Orzamento.
 - Criterios, procedemento e calendario para a revisión periódica da concreción curricular.
- c) A programación xeral e as concrecións curriculares das diferentes ofertas académicas para persoas adultas serán remitidas á inspección educativa antes do 15 de novembro, e deberase garantir o seu coñecemento polos distintos sectores da comunidade educativa.
- d) Ao finalizar o curso, durante o mes de xuño, deberá avaliarse o grao de cumprimento da programación xeral anual. Os resultados e as novas propostas froito desta avaliación reflectiranse na memoria final de curso, que se remitirá á inspección educativa antes do 10 de xullo.
- e) Aqueles centros con educación de persoas adultas que imparten ensinanzas a través da modalidade a distancia semipresencial deberán integralas na súa programación xeral anual como unha oferta educativa máis.

8.1.- Memoria de fin de curso

- a) Ao longo do mes de xuño, o equipo directivo, tras o informe do claustro de profesores, elaborará unha memoria que recolla o grao de consecución dos obxectivos fixados na programación anual, as dificultades atopadas e as súas medidas correctoras, de ser o caso.

A devandita memoria, co informe do consello escolar do centro, de ser o caso, enviarase á Inspección Educativa na segunda semana de xullo e terase en conta á hora de elaborar a programación do curso seguinte, coa finalidade de programar obxectivos non acadados ou só parcialmente acadados no curso anterior e articular novos procedementos para logralos.

Achegaranse á memoria os textos íntegros dos informes do claustro e do consello escolar, de ser o caso, nos que deberán figurar os votos particulares, se os houber.

Así mesmo, a memoria elaborada daráselles a coñecer a todos os sectores da comunidade educativa, a través do consello escolar do centro.

- b) Aspectos orientativos que se deberán considerar na elaboración da memoria:
- Datos do centro.
 - Avaliación dos obxectivos propostos na PXA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



- a. Obxectivos do centro.
- b. Análise do rendemento académico.
- c) Actividades extraescolares e complementarias.
- d) Organización pedagóxica:
 - Distribución do persoal docente.
 - Titorías.
 - Equipos docentes.
 - Recursos materiais.
 - Valoración de programas especiais.
 - Situación das instalacións e dos equipamentos.
- e) Conclusións: incluírase neste apartado unha avaliación dos aspectos que resultaran máis satisfactorios e daqueles que deban ser mellorados no vindeiro curso, facendo constar as propostas de mellora.

9.- Horario xeral do centro para as ensinanzas de persoas adultas

- a) Atendendo ás particularidades do alumnado, e ao mellor aproveitamento das actividades docentes, o equipo directivo establecerá o horario xeral das ensinanzas de persoas adultas no centro de acordo co establecido nestas instrucións e na normativa vixente.
- b) En relación co anterior, o horario das ensinanzas de persoas adultas procurará organizarse en sesións de mañá, tarde e noite, segundo a dispoñibilidade de efectivos de persoal e de espazos, dándolle prioridade, en todo caso, á mellor atención ao alumnado.
- c) A distribución semanal horaria para as distintas ensinanzas que se imparten no centro será a que se recolle nos Anexos I e II. Os horarios das ensinanzas establecidos no plan de centro que non conducen a unha titulación poden modificarse parcialmente previa consulta e autorización da inspección educativa e sempre que existan razóns que o xustifiquen.
- d) En todo caso, a redistribución horaria respectará a duración global que para estas ensinanzas se establece na referida orde e non se poderá concentrar nun mesmo día máis de dous períodos lectivos do mesmo ámbito de coñecemento.

10.- Orientación académica e profesional

As funcións do departamento de orientación, con competencia en cada centro, están reguladas no decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e na orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998. o departamento de orientación proporá actividades para favorecer o desenvolvemento de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



condutas vocacionais que contribúan á mellora ou recualificación profesional ou á incorporación ao mercado laboral das persoas adultas, así como, a realización de propostas que permitan a integración da orientación profesional nos diferentes ámbitos de coñecemento incidindo principalmente en:

- Persoas que non conseguiron a titulación básica e seguen ensinanzas de adultos para obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Xoves e maiores que seguen ensinanzas de adultos e buscan a inserción laboral.
- Persoas procedentes doutros países que demandan aprendizaxe de linguas galega e castelá como medio de inserción social e laboral.
- Traballadores e traballadoras que desexan recoñecer as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou outras vías formais e non formais de aprendizaxe.
- Outras actuacións que teñan por obxecto asesorar, informar e difundir entre o alumnado outras ensinanzas de adultos (condicións de acceso, características, titulacións e oferta educativa, centros nos que se poden cursar, ...)

11.- Programa de Aula Mentor

O programa de Aula Mentor é un sistema de formación aberto, libre e a distancia a través de Internet que se imparte nos centros EPA e IES autorizados mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Nacional de Información e Comunicación do Ministerio de Educación. A atención do alumnado realízase a través dun profesor-titor telemático e un administrador presencial que o orienta na xestión do curso e na utilización do soporte técnico.

11.1.- Funcións do administrador

- a) Xestión administrativa da Aula Mentor, as tarefas relacionadas co seu mantemento informático e a súa presenza nas probas de avaliación dos alumnos.
- b) Informar periodicamente de todos os aspectos relacionados co funcionamento da aula ao equipo directivo.
- c) Cumprimentar e entregar para a súa custodia á secretaría do centro, as actas de avaliación das diferentes convocatorias.
- d) Manter un rexistro mensual do uso da aula, así como das altas e baixas da mesma, que se entregará á xefatura de estudos mensualmente, xunto cun informe de incidencias se as houbera en cada grupo de alumnos.
- e) Realizar a memoria final da aula que se incluírá na memoria xeral do centro.
- f) Os centros contarán con administradores da Aula Mentor, que desempeñarán esa función de acordo coa demanda de ensinanzas e a dispoñibilidade horaria de cada curso académico.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



11.2.- Matrícula de alumnos e horario do administrador

- a) O número de alumnos por grupo situarase en torno a dez. En todo caso, o número máximo por grupo estará en función do número de prazas que se poidan acomodar na aula con recursos para acceder a internet.
- b) A matrícula estará aberta durante todo o curso escolar e conxelarase nos meses de xullo e agosto.
- c) No momento da inscrición abonarase o custo do curso, por un período de 60 días naturais e o seu custo será fixado anualmente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en concepto de matrícula e acción tutorial. O ritmo de aprendizaxe do alumnado e as características do curso condicionarán a duración do mesmo, polo que dito custo inicial aumentará para cada novo período de 30 días naturais no caso de ser necesario ampliar a inscrición inicial.
- d) No momento da inscrición entregaráselle ao alumnado o material didáctico do curso no que se inscribe se este tivera carácter gratuíto. No caso contrario informaráselle do custo do material que deberá ser adquirido para o adecuado seguimento do mesmo e a forma de obtelo.
- e) Cando finalice o curso, o alumnado obterá a certificación da actividade realizada a través da Aula Mentor, unha vez superada a proba final establecida ao efecto e realizada presencialmente na aula.
- f) O profesorado que administre unha Aula Mentor terá unha redución horaria de tres horas por cada grupo de alumnos activos.

11.3.- Xestión económica da Aula Mentor. Procedemento

- a) A dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a través do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos, comunicará periodicamente aos centros os datos necesarios para realizar o pago dos titores telemáticos así como a retención aplicable en concepto de IRPF, de acordo coa información recibida do Ministerio de Educación Política Social e Deporte.
- b) Os ingresos realizados polo alumnado, en concepto de matrícula, realizarase na conta do centro e a súa xestión e administración corresponde aos administradores da Aula Mentor para o pago de titores e administración da aula.
- c) O administrador da aula e o secretario do centro seguirán o seguinte procedemento para o pago de titores:
 - Ingreso mediante transferencia bancaria a cada titor da cantidade correspondente aos seus honorarios.
 - Envío ao titor do xustificante bancario do ingreso, así como do documento de percepción de honorarios; de dito documento e do xustificante de pago por transferencia conservarse copia na secretaría do centro.
 - Comunicación ao Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos da data na que se procedeu ao pago dos honorarios así como o pago das retencións correspondentes á Administración Tributaria.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



12.- Documentación administrativa

Co fin de facilitar os procedementos de seguimento e rexistro dos actos de carácter administrativo, académico e de funcionamento, os centros que oferten educación de persoas adultas deberán dispor e manter debidamente actualizados os datos dos seguintes libros:

- Libro de rexistro de títulos de graduado en educación secundaria.
- Libro de rexistro de entrada e saída de correspondencia.
- Libro de actas para os órganos de diferente carácter que existan no centro (claustro, consello escolar, equipos docentes, departamentos, etc.).
- Libro de inventario de moblaxe e equipamento didáctico.
- Libros para o desenvolvemento da xestión económica do centro.

13.- Instrucións complementarias para os centros EPA en institucións penitenciarias.

13.1.- Profesorado

- a) O persoal docente, de nova incorporación aos centros de Educación e Promoción de Adultos con sede en establecementos penitenciarios, estará suxeito á realización dos cursos de formación que se establezan.
- b) O profesorado que desenvolva a súa función docente nos establecementos penitenciarios está suxeito á normativa xeral de control e seguridade destas institucións, tendo que respectar e cumprir o establecido con carácter xeral na normativa penitenciaria, así como as normas do seu réxime interior.
- c) Ademais das funcións de docencia e tutoría que lle corresponda, o profesorado deberá levar a cabo de forma metódica actividades de control de asistencia e seguimento de cada un dos/as alumnos/as anotando resultados relativos á avaliación continua da aprendizaxe, do proceso educativo e dos niveis de formación adquiridos polos internos. A información obtida facilitaralla ao xefe/a de estudos ou a dirección do centro EPA, que, no seu caso, a trasladará ao órgano de coordinación docente da institución ou á xunta de tratamento.

13.2.- Órgano de coordinación e seguimento.

Previo acordo entre a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que corresponda e a administración penitenciaria competente, durante o mes de setembro de 2008, e segundo o sinalado no artigo 11 do Real Decreto 1203/1999, en cada establecemento penitenciario, constituirase un órgano permanente de coordinación e seguimento integrado por catro membros, dous dos cales serán designados pola administración educativa. Os dous representantes da administración educativa, nomeados polo delegado provincial, serán os seguintes:

- O director do centro EPA no establecemento penitenciario.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



- Un representante do Servizo Provincial de Inspección educativa.

- a) Este órgano reunirse como mínimo tres veces ao ano: unha ao principio de curso, outra no mes de febreiro e outra ao final de curso, e tantas veces o solicite un terzo dos compoñentes.
- b) Terá como funcións básicas as que están determinadas no artigo 11, apartado 2, do Real Decreto 1203/1999, do 9 de xullo:
 - Propiciar a adecuación da programación educativa en xeral en establecementos penitenciarios, co fin de adaptala ás peculiaridades do medio, en materia de tratamento individualizado, clasificación e normas de réxime interior.
 - Favorecer a coordinación coas restantes programacións complementarias do establecemento penitenciario.
 - Realizar o seguimento do desenvolvemento da actividade educativa a través dos informes dos resultados da avaliación continua de alumnos internos.
 - Informar o presuposto de gastos de funcionamento e realizar o seu seguimento.
 - Coñecer as posibles disfuncións que puideran producirse entre ambas esferas administrativas e propoñer as solucións que se consideren máis oportunas.
 - Coñecer e adoptar solucións sobre calquera outras cuestións que suscite a realidade da convivencia e a coordinación entre a administración educativa e a administración penitenciaria no ámbito territorial competente.

13.3.- Calendario e horario.

- a) O proceso de admisión e matrícula de alumnos, nos establecementos penitenciarios, deberá facilitar a incorporación de novos alumnos ao longo de todo o curso escolar.
- b) A actividade educativa desenvolverase de maneira que se acomode, en materia de horarios, á organización xeral interna de cada centro penitenciario. Non obstante, cada establecemento penitenciario favorecerá que esta organización facilite a existencia dunha banda horaria común a todos os centros da comunidade autónoma.
- c) De acordo co establecido no artigo 8º do Real Decreto 1203/1999, de 9 de xullo, a oferta educativa dos centros EPA con sede en establecementos penitenciarios, realizarase en horarios de mañá e/ou tarde, de xeito que sexa posible e se favoreza a asistencia do alumnado. Organizarase de maneira que poida satisfacer a demanda efectiva de educación da poboación penitenciaria de acordo co principio de flexibilidade horaria, como no resto dos centros de educación e promoción de adultos de titularidade da comunidade autónoma de Galicia e de acordo coa realidade da institución penitenciaria sede do centro EPA.
- d) Ao inicio do curso, os centros de educación e promoción de adultos nos establecementos penitenciarios establecerán o seu horario tendo en conta o establecido no punto anterior, o acordado polas comisións mixtas existentes en cada centro e as normas de organización e funcionamento de carácter xeral establecidas pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Posteriormente este horario será aprobado pola delegación provincial correspondente.
- e) O horario dos funcionarios docentes con destino nos establecementos penitenciarios está sometido á lexislación que rexe para o corpo ao que pertencen e de maneira que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



poidan satisfacer a demanda efectiva da poboación penitenciaria de acordo co principio de flexibilidade e acomodación horaria á realidade da institución na que se encontra a sede do centro EPA.

13.4.- Órganos unipersoais.

- a) O director/a do centro educativo no establecemento penitenciario exercerá as funcións propias do seu cargo establecidas na normativa aplicable de carácter xeral e ademais exercerá as seguintes:
- Informar aos representantes do órgano de coordinación docente do establecemento penitenciario de todo canto atinxa á organización e funcionamento da actividade educativa de adultos no establecemento penitenciario.
 - Coordinar a función docente que atinxe ás ensinanzas de adultos no establecemento penitenciario conforme aos criterios establecidos no Proxecto Educativo e de acordo coas normas de réxime interno do establecemento penitenciario.
 - Dar a coñecer á xunta de tratamento do establecemento penitenciario a evolución do alumnado a través dos informes que o profesorado lle proporcione cos resultados das avaliacións e calquera outro sobre o rendemento pedagóxico.
 - Facilitar á dirección do establecemento penitenciario a listaxe de internos/as que diariamente deban incorporarse á actividade docente indicando os niveis educativos que lle correspondan.
 - Elaborar informes, a petición da administración competente, sobre o funcionamento do centro e sobre aqueles outros aspectos relacionados coa actividade do mesmo.
 - Atender as consideracións da comisión mixta creada por convenio entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Interior.
- b) Cando exista xefe ou xefa de estudos, secretario ou secretaria nos centros EPA con sede nos establecementos penitenciarios, estes realizarán as funcións establecidas na normativa de carácter xeral.

14.- Para aqueles aspectos normativos que non estean recollidos nesta circular deberá aterse ao establecido con carácter xeral para o ensino ordinario.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2008
O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN
PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS



Antonio Vázquez Vázquez

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

**ANEXO I**

Distribución horaria semanal dos períodos lectivos para os tres ámbitos de coñecemento da educación secundaria obrigatoria para persoas adultas

Ámbito de coñecemento	Módulos				
	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Totais
Comunicación Lingua estranxeira	6	6	4	4	20
	2	2	2	2	8
Científico-tecnolóxico	8	8	8	8	32
Social	3	3	4	4	14
Titoría	1	1	1	1	4
Totais:	20	20	19	19	

ANEXO II

CADRO DE DISTRIBUCIÓN SEMANAL HORARIA PARA AS ENSINANZAS QUE SE IMPARTAN NOS CENTROS ESPECÍFICOS E NOS IES CON ENSINANZAS DE PERSOAS ADULTAS (MODALIDADE PRESENCIAL E AULAS MENTOR)

° Ensinanzas básicas iniciais de nivel I	12 períodos lectivos
° Ensinanzas básicas iniciais de nivel II	16 períodos lectivos
° Linguas galega e castelá para inmigrantes.	10 períodos lectivos
° Educación secundaria para persoas adultas Modalidade presencial	Entre 19 e 20 períodos lectivos
° Preparación para acceso a ciclos formativos	10 períodos lectivos
° Aulas Mentor	Ata 25 períodos lectivos semanais en función dos alumnos matriculados .



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



ANEXO III

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións dos cursos do sistema educativo da Lei 14/1970 e do sistema ordinario da educación secundaria obrigatoria, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas

Sistema educativo Lei 14/1970.	Sistema ordinario ensino básico.	Sistema educación básica para persoas adultas
Sexto de educación xeral básica.	Sexto de educación primaria.	Nivel II das ensinanzas básicas iniciais
Sétimo da educación xeral básica.	Primeiro curso da educación secundaria obrigatoria.	Primeiro módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel I das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
Oitavo curso de educación xeral básica e título de graduado escolar ou certificado de escolaridade.	Segundo curso da educación secundaria obrigatoria.	Segundo módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel I das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
Primeiro curso de bacharelato unificado e polivalente con dúas materias pendentas, como máximo ou primeiro curso de formación profesional de primeiro grao.	Terceiro curso da educación secundaria obrigatoria.	Terceiro módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel II das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
Segundo curso de bacharelato unificado e polivalente ou segundo curso de formación profesional de primeiro grao e título de técnico auxiliar.	Cuarto curso de educación secundaria obrigatoria.	Cuarto módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel II das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
	Título de graduado en educación Secundaria.	

ANEXO IV

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións, das materias de primeiro e segundo cursos do sistema ordinario da educación secundaria obrigatoria, cos módulos 1 e 2 do nivel I correspondentes á educación secundaria para persoas adultas

Primeiro curso de educación secundaria obrigatoria	Módulo 1 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Materias.	Ámbito de coñecemento
Alumnas e alumnos que superaron as seguintes materias: Matemáticas, Ciencias da natureza.	Científico-tecnolóxico
Alumnas e alumnos que superaron as materias de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, e primeira ou segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Alumnas e alumnos que superaron as Ciencias sociais, xeografía e historia.	Sociedade
Segundo de educación secundaria obrigatoria	Módulo 2 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Materias.	Ámbito de coñecemento
Alumnas e alumnos que superaron as seguintes materias: Matemáticas, Ciencias da natureza, e Tecnoloxías.	Científico-tecnolóxico
Alumnas e alumnos que superaron as materias de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, e primeira ou segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Alumnas e alumnos que superaron as Ciencias sociais, xeografía e historia e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.	Sociedade



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais**

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



**UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**



ANEXO V

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións das materias de terceiro e cuarto curso do sistema ordinario da educación secundaria obrigatoria, e proba para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas

Terceiro de educación secundaria obrigatoria	Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Materias	Ámbito de coñecemento
Alumnos e alumnas que teñen superado as seguintes materias: Matemáticas, Bioloxía e xeoloxía, Física e química e Tecnoloxías.	Científico tecnolóxico
Alumnos e alumnas que teñen superado as materias de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Primeira ou segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Alumnos e alumnas que teñen superado as Ciencias sociais, xeografía e historia.	Sociedade

Cuarto de educación secundaria obrigatoria	Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Materias	Ámbito de coñecemento
Alumnos e alumnas que teñen superado as materias de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Primeira ou segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Alumnos e alumnas que teñen superado as seguintes materias: Matemáticas, Bioloxía e xeoloxía, Física e química e Tecnoloxías.	Científico tecnolóxico
Alumnos e alumnas que teñen superado as Ciencias sociais, xeografía e historia.	Sociedade

ANEXO VI

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións, dos módulos de educación secundaria para persoas adultas establecidos na Orde do 26 de maio de 1997 (DOG do 15 de xullo) e as ensinanzas reguladas nesta orde.

Orde do 26 de maio de 1997	Ensinanzas reguladas nesta orde
Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Comunicación	Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Comunicación
Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Sociedade	Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Sociedade
Módulo 4A ou módulo 4B do Ámbito da Comunicación	Módulo 4 do Ámbito da Comunicación
Módulo 4A ou módulo 4B do Ámbito da Sociedade	Módulo 4 do Ámbito da Sociedade
Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Natureza e máis o módulo do mesmo número do ámbito Tecnolóxico-matemático.	Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito do Ámbito Científico-tecnolóxico
Módulo 4A ou 4 B do Ámbito da Natureza e máis o módulo 4A ou 4B do ámbito Tecnolóxico-matemático.	Módulo 4 do Ámbito do Ámbito Científico-tecnolóxico



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



ANEXO VII

Cadro de equivalencias das materias da educación secundaria obrigatoria cos grupos de materias das probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria e cos 4º módulo (nivel II) das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.

4º curso de educación secundaria obrigatoria	Grupos de materias das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria	4º módulo (nivel II) das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas
Alumnado que superou estas materias: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, primeira ou segunda lingua estranxeira.	Lingüístico	Comunicación
Alumnado que superou estas materias: Matemáticas, Ciencias da natureza, Tecnoloxía	Científico-tecnolóxico	Científico-tecnolóxico
Alumnado que superou a materia de Ciencias sociais, xeografía e historia.	Ciencias sociais	Social

ANEXO VIII

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SOLICITUDE DE ADMISIÓN EN CENTROS DOCENTES QUE IMPARTEN ENSINANZAS PARA PERSOAS ADULTAS

1 DATOS PERSOAIS DO/DA SOLICITANTE			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO		DOMICILIO	
MUNICIPIO		PROVINCIA	C. POSTAL
		TELÉFONO	

2 SOLICITUDE								
Solicita ser admitido/a para o curso /								
☐ ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS PARA PERSOAS ADULTAS. (Marcar cun x o nivel elixido)								
NIVEL DE ENSINANZAS		CENTRO						
Nivel I								
Nivel II								
☐ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA PERSOAS ADULTAS. (Marcar cun x o nivel e a modalidade elixida)								
ÁMBITO	MÓDULO				CENTRO	MODALIDADE		
	1	2	3	4		P	S	D
Comunicación								
Científico-tecnolóxico								
Social								
P: Presencial, S: Semipresencial, D: a distancia								

3 Declaración (sinalar cun x o que proceda)	
A persoa abaixo asinante declara:	
☐	Facilitar autorización para acceso aos datos da renda percibida pola unidade familiar da persoa solicitante, composta por membros, no exercicio fiscal anterior en dous anos.
☐	Ser deportista de alto rendemento.
☐	Continuar estudos no propio centro.
☐	Proceder de ensinanzas de adultos.

4 DOCUMENTACIÓN ADXUNTA (orixinal e/ou copia para o seu cotexo)	
☐	Fotocopia do DNI, Libro de Familia ou documento oficial acreditativo de idade da persoa solicitante.
☐	Acreditación de proceder de ensinanza de adultos.
☐	Acreditación da última data de escolarización.
☐	Acreditar ser deportista de alto rendemento

5 INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO (deberá estar asinada por todos os membros da unidade familiar que achegan ingresos á mesma)					
Aos efectos de acreditación da renda anual e da unidade familiar, os abaixo asinantes declaran responsablemente que cumpren coas súas obrigas tributarias, así como que autorizan expresamente ao órgano competente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que recade da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información de carácter tributario do exercicio fiscal anterior en dous anos.					
Nome		Nome		Nome	
1º Apelido		1º Apelido		1º Apelido	
2º Apelido		2º Apelido		2º Apelido	
Data de nacemento		Data de nacemento		Data de nacemento	
Parentesco		Parentesco		Parentesco	
DNI/Pasaporte		DNI/Pasaporte		DNI/Pasaporte	
Sinatura		Sinatura		Sinatura	

6 SOLICITUDE, DECLARACIÓN, LOCALIDADE, DATA E SINATURA	
A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, así como na documentación que se xunta e SOLICITA sexa admitida no curso: / como alumno do centro docente: sito na localidade, provincia de	
En a de de	

SR/A DIRECTOR/A DO CENTRO DOCENTE

NOTA: A información de carácter tributario que se precise para acreditación da renda anual da unidade familiar, será subministrada directamente pola Axencia Tributaria Estatal de Administración Tributaria á Consellería de Educación, polo que nestes cosos non haberá que achegar documento algún, pero si asinar a declaración responsable que figura na solicitude, por todos os membros da unidade familiar que acheguen ingresos á mesma.

No caso de que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña da información que se precise para a acreditación da renda anual da unidade familiar, a persoa solicitante deberá aportar, previo requirimento do/a director/a ou do titular do centro docente, certificado de haberes, declaración xurada ou calquera outro documento de cada un dos suxeitos que integren a unidade familiar, correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos á data actual.

ANEXO IX

SOLICITUDE DE MATRÍCULA

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Nº de matrícula									
-----------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--

ANTES DE ENCHEREN ESTE IMPRESO, COMPROBE QUE CORRESPONDE A ETAPA EDUCATIVA NA QUE DESEXA REALIZAR A MATRÍCULA
NON ENCHER OS ESPAZOS OBSCURECIDOS
ESCRIBA CON LETRA MAIÚSCULA E CRARA
ESTA MATRÍCULA ESTÁ CONDICIONADA Á COMPROBACIÓN DOS DATOS, DE CUXA VERACIDADE RESPONSABILIZASE A PERSOA ASINANTE

ENSINANZAS BÁSICAS PARA PERSOAS ADULTAS

MATRÍCULA

1 DATOS PERSOAIS DO/DA SOLICITANTE			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/PASAPORTE OU EQUIVALENTE
DATA DE NACEMENTO	SEXO	NACIONALIDADE	TELÉFONO/S
	Home Muller		
DOMICILIO: RÚA, PRAZA, AVENIDA E NÚMERO			
MUNICIPIO/LOCALIDADE		PROVINCIA	C. POSTAL
Correo electrónico		Repetir correo electrónico	

2 DATOS MATRÍCULA	
ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS PARA PERSOAS ADULTAS. (Marcar cun x o nivel elixido)	
NIVEL DE ENSINANZAS	CENTRO
Nivel I	
Nivel II	
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA PERSOAS ADULTAS. (marcar cun x o nivel e a modalidade elixida)	
IDIOMA: INGLÉS FRANCÉS	
ÁMBITO	MÓDULO CENTRO MODALIDADE
	1 2 3 4 P S D
Comunicación	
Científico-tecnolóxico	
Social	
P: Presencial, S: Semipresencial, D: a distancia	

3 OBSERVACIÓNS

4 SOLICITUDE, DECLARACIÓN LOCALIDADE, DATA E SINATURA
A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, e SOLICITA a matriculación no nivel e ámbito anteriormente citado.
En a de de O/A SOLICITANTE
O/A FUNCIONARIO
(Selo do centro docente)
Asdo.:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfpes@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



ANEXO X

Atribucións de especialidades do profesorado de ensino secundario aos tres ámbitos de coñecemento nos que se organiza a educación secundaria obrigatoria para persoas adultas en función das áreas ou materias da educación secundaria integradas en cada ámbito de coñecemento.

Especialidades do corpo de profesores de ensino secundario	Ámbitos de coñecemento
Xeografía e historia	Social
Lingua castelá e literatura Lingua galega e literatura Linguas estranxeiras: inglés e francés	Comunicación
Tecnoloxía Matemáticas Bioloxía e xeoloxía Física e química	Científico- tecnolóxico